

## :: REPORTAXE

Un milleiro de copropietarios cuidan o ecosistema de 300 hectareas dun bosque do Ribeiro. O que comezou como un lugar onde recuperar aves feridas, permite hoxe en día a cría de lontras, corzos, xabarís e raposos e alberga flora en vías de extinción

# Preservación colectiva de Ridimoas

ROSA VEIGA  
OURENSE

Unha zona ambiental nun bosque de tipo mediterráneo da comarca do Ribeiro está preservada grazas a un milleiro de persoas de España, Venezuela, Suíza, Alemaña e Canadá copropietarias de 300 hectareas a cambio dunha cota anual de 10 euros, explicoulle a Efe o presidente da asociación que o xestiona, Pablo Oitabén.

Profesor de Formación Profesional, Oitabén decidiu hai quince anos buscar un lugar para facilitar a recuperación das aves feridas que lle levaban os seus alumnos e amigos, e ideou un proxecto de recuperación do bosque que ocupa os montes da contorna de Beade, onde vive, e fundou a asociación Ridimoas con cincuenta socios, fundamentalmente da Universidade Laboral de Ourense.

"Empezamos a traballar nunha leira chamada Ridimoas que era do

## As bolboretas de Ridimoas, estrelas da película de Cuerda

meu pai e a partir de aí, cunha cota mínima por socio de 10 euros, dedicamos parte a ampliar aquel terreo e propuxémosnos comprar polo menos unha hectárea ó ano e xa estamos en 300", indicou Oitabén.

A superficie do bosque controlada por Ridimoas aumentou cada ano, segundo Oitabén, non só coas cotas, senón coa axuda dos premios concedidos pola Xunta de Galicia e outros organismos ó seu labor de educación e sensibilización. "Este soño de preservación ocupa toda unha vida", comentou Oitabén, tras sinalar que lle destinou a ese proxecto o seu soldo de actor nun documental sobre lobos, baseada nunha obra do escritor lucense Anxel Fole, homenaxeado anos atrás no Día das Letras Galegas.

Para o mesmo fin destinou tamén a remuneración obtida na película *A lingua das bolboretas* de José Luis Corda, por utilizar bolboretas de Ridimoas, dixo Oitabén, quen recordou que ese espazo foi tamén o escenario dun documental sobre a vida de Pedro Pardo de Cela.


## Negociar cos agricultores para aumentar o terreo

Os socios de Ridimoas pasaron en quince anos de 50 a 1.018 copropietarios do bosque, unha contorna natural de crecemento sostible e en equilibrio, segundo o promotor da iniciativa.

O profesor e naturalista é a clave nese equilibrio xa que, segundo explicou, encárgase persoalmente de negociar cos agricultores para comprarlles as parcelas para estender o



Unha femia de xabaril con tres xabatos no bosque de Ridimoas, trescentas hectareas preservadas por un milleiro de propietarios



Pablo Oitabén, presidente e fundador da asociación Ridimoas

## || O DATO || Zona ambiental tipo mediterráneo

A zona ambiental elixida por Pablo Oitabén para poñer en marcha o seu proxecto de conservación da contorna é un bosque de tipo mediterráneo. As trescentas hectareas esténdense ó redor dos bscos de Beade, na comarca do Ribeiro.

bosque, algo que contribúe a que "queden satisfeitos" e inclúe "novos contactos". Oitabén encárgase de vixiar, sobre todo no verán polo risco de incendios, esa superficie e desde hai dous anos supervísao a lombos dunha das eguas que lle entregou o Xulgado, logo de resultar abandonada e ferida tras un litixio.

A directiva de Ridimoas decidiu quedar con esa egua e a súa cría, habilitando para iso un pequeno cercado ó que Oitabén vai cada día para proporcionarlles comida e au-

ga. "As eguas agora forman parte do equilibrio deste bosque --engaduxa que manteñen limpo o camiño que o cruza e que utilizamos para as visitas educativas". "Dentro duns días levareinas a pacer ós feitos que cobren unha poza de auga na que está terminando a cría de larvas de salamántica, ata agora protexidas dos seus predadores por feitos de dous metros", engadiu.

Mentres a pintega cría, as eguas non poden alimentarse do fimocho porque a planta acumula cianuro nas súas follas "pero dentro duns días, coincidindo co fin das larvas, o cianuro pasa a concentrarse nas raíces e as follas serán comestibles", dixo.

## Axuda de voluntarios para coidar a contorna

Para o coitado do bosque colectivo, Oitabén aproveita a axuda das persoas que visitan a zona con vontade de contribuir e que dispón de tempo libre, especialmente para elimi-

nar as abelhas e corticeiras, entre outros, que permiten recuperar o ecosistema para aves, insectos e réptiles".

Cada mes de febreiro celébrase unha asemblea xeral na que participan uns 400 socios procedentes de diversos puntos de España e ce-

## Castiñeiros, carballos, bidueiros e abeleiras teñen aquí o seu sitio

lébrase xeralmente durante un xantar nun restaurante de Ribadavia e, posteriormente, durante a tarde, aproveitan para visitar os terreos do seu bosque.

O actual tamaño, segundo Pablo Oitabén, permite deixar unha zona sen visitas para non molestar a lontras, corzos, xabarís e raposos que viven e procrean entre as abeleiras e "cerdeiras de acio", en vías de extinción e que só conta con 50 plantas rexistradas en Galicia, das que 20 están en Ridimoas e outras catro saíron de Beade para o parque natural do Invernadoiro, tamén en Ourense.

Todas as idas e vidas de animais, a saída de leña do bosque a cambio de sacos de gran para os cabalos e todo o observado por Oitabén no bosque rexístrase nun diario que tamén incorpora temperaturas e horas de luz, datos que cada semana envía ó programa mundial "Globe", desenvolvido na NASA, no que tamén participa un centro escolar de Monforte. ●

## Oitabén, o fundador, vixía a superficie a lombos dunha egua

nar algunhas especies invasoras que danan a contorna.

Destacou que a acacia-mimoso, unha árbore procedente de Australia, é "unha especie moi invasiva e difícil de eliminar" polo que cada ano é necesario sacarlle espazo e "librarse desta praga" para deixar espazo a "castiñeiros, carballos, bi-